


ÉXITO DA CONSULTA TÉCNICA SYMBIOS ÁS CORPORACIÓNS LOCAIS

SANTIAGO, 19 de decembro de 2014



Dentro das actividades programadas no Proxecto Symbios- Eixo 4 FSE Galicia 2007-2013 estaba a realización dunha consulta ás Administracións Locais para coñecer a súa perspectiva sobre os efectos do cambio demográfico e identificar as iniciativas, programas e políticas que desenvolven para favorecer a inclusión social e territorial. A tal efecto, o 12 de novembro de 2014 lanzouse unha consulta técnica con formato electrónico, consistente en dez preguntas.

A consulta obtivo un alto grao de resposta por parte do persoal técnico local, abrangendo case a totalidade das comarcas galegas, e sendo máis alta a repercusión nas provincias de Lugo e Ourense, máis afectadas polo cambio demográfico.

No primeiro trimestre de 2015, partindo das respostas a este primeiro cuestionario, enviarase unha segunda consulta para priorizar as propostas e recomendacións destinadas a mellorar a vertebración duns territorios inclusivos, intelixentes e sustentables.

Desde o Proxecto Symbios agradecemos esta acollida e colaboración, que nos permitirá sistematizar recomendacións de cara ao Seminario Final.